

Arcadio López-Casanova. *Guía metodológica del texto literario*. 2017. Valencia: Tirant Humanidades.
Col. Prosopopeya. 182 pp.

Na persoa do profesor Arcadio López-Casanova dáse unha feliz e non moi usual coincidencia: a de ser unha das voces máis autorizadas dos estudos literarios peninsulares das últimas décadas e a de representar un dos cumios poéticos galegos do noso tempo. Tan agradecida circunstancia explica por que calquera obra achegada polo autor se converte inmediatamente nunha referencia imprescindible, pois no seu traballo converxen decote rigor académico e sensibilidade lectora.

Medio século de desempeño profesional de López-Casanova fai del un nome fundamental nos estudos de teoría e crítica literarias actuais. Catedrático de Ensino Medio nos inicios, foino despois durante anos da Universitat de València, da que hoxe é emérito.

Recentemente deu á luz *Guía metodológica del texto literario*, un volume de ensaios arredor de sete nomes senlleiros das letras hispánicas que publicou Tirant Humanidades, unha das editoras de maior prestixio na edición de textos desta natureza.

Como era de esperar, este libro bebe das investigacións precedentes que sobre a materia foi dando a coñecer López-Casanova, quen conta no seu haber con monografías esenciais como *El análisis estilístico. Poesía/Novela* (1976) e *Poesía y novela. Teoría, método de análisis y práctica textual* (1982) —ambas as dúas escritas en colaboración con Eduardo Alonso—, amais de *Estructuras correlativas y función estilística* (1989), *La poesía romántica* (1991), *Lenguaje de*

la poesía y figuras gramaticales (1992), *El texto poético* (1994), *Macrotexto poético y estructuras de sentido* (2007), *El impresionismo poético. Contexto, estructura y sentido* (2010) e, sobre todo, o indispensable *Diccionario metodológico de análisis literaria. I. A Poesía* (2001).

Esta nova *Guía metodológica del texto literario* está dividida en sete extensos capítulos nos que a propedéutica analítica de textos poéticos e narrativos se ve exemplificada co estudo, en profundidade, de composicións líricas e narracións de Garcilaso de la Vega, Luis de Góngora, Rosalía de Castro, Miguel de Unamuno, Ramón María del Valle-Inclán, Juan Ramón Jiménez e Vicente Aleixandre, nomes todos eles indiscutibles no canon das letras castelás e galegas.

Por tanto, o período estético que abranguen estes ensaios é moi delongado, pois integra tanto o estudo de autores clave do Século de Ouro coma de voces primordiais da Xeración do 27 aínda desaparecidas a mediados dos oitenta, o que demostra a flexibilidade e operatividade destes modelos analíticos, que garanten ferramentas de gran rendemento para textos de moi diversa natureza e orixe.

20

O libro ábrese cun breve “Preliminar” no que López-Casanova explica con acuidade o obxectivo da obra, que non é outro que o de servir de modelo ou pauta a través da cal se leve a cabo o “acto crítico” que, ao seu ver, ten de seguir catro fases de actividade analítica: un primeiro estadio de revisión “intuitiva” (conducente ao trazado dunha representación “básica” do esqueleto textual); un segundo paso “comprensivo” (no que deberán determinarse os constituíntes do texto e fixar a súa descrición e categorización); unha terceira fase “operativa” (onde se establecerá o cadro de relacións e regras de funcionamento que explican a articulación textual); e, por último, un momento “compositivo”, que alcanzará a evidenciar as redes de significación, a unicidade formal do texto e mesmo o patrón ou modelo que lle dá sentido.

Antes de rematar este capítulo introdutorio, López-Casanova ofrece tamén un consello verbo da forma ou expresión que a “exposición” crítica debe brindar, avogando pola transparencia explicativa e o rexeitamento de barroquismos innecesarios, algo que, dito sexa de paso, semella esquecer máis do desexable moitos estudosos literarios:

La *exposición* debe procurar un *estilo* también eficaz, preciso, carente de opacidades o ambigüidades, construido con una sintaxis simple, de orden lineal, libre de complicadas arborescencias, una clara y medida forma de expresión que encauce y dé fluidez a todo el conjunto —complejo a veces— de los contenidos manifestados.

Tras este introito, figuran os estudos literarios distribuídos en dous grandes bloques: Poesía e Novela. Mais antes de cada un deles aparece un “Esquema metodolóxico” particularizado, que serve como modelo teórico logo aplicado a cada un dos textos analizados.

Para a sección “[A] Poesía” López-Casanova escolleu o estudo dos poemas “En tanto que de rosa y azucena”, de Garcilaso; “Raya, dorado Sol, orna y colora”, de Góngora; “Cando penso que te fuches”, de Rosalía; “La verdicilla”, de Juan Ramón, e “Ascensión del vivir”, de Aleixandre. Son todos eles textos paradigmáticos, considerados obras antolóxicas e moi representativas da estética de cada un destes autores.

Nos poemas López-Casanova vai estudando tanto o plano da representación coma o plano da figuración, atendendo no primeiro caso ao esquema temático (temas e motivos e, tamén si, actorialización poemática); á articulación de temas (formantes temáticos, unidades e subunidades temáticas e relacións e funcións dos temas); aos modelos compositivos (lineais ou enmarcados, (a)simétricos e analíticos ou sintéticos) e á estrutura climática (liñas de tensión e (anti)clímax).

No segundo caso, isto é, no que ten a ver co plano da figuración, revisa as figuras pragmáticas (actitudes líricas, procesos de desdoblamento e escenificación); as figuras léxico-semánticas (esferas e relacións léxicas, tonalidade de sentimentos e isopatías e mais imaxes); as figuras gramaticais (recorrencias sintagmáticas, distribucionais e estruturais e mais dinamismo expresivo) e as figuras fónicas (o ritmo creado por factores cuantitativos —metro—, intensivos —esquemas acentuais—, tonais —esquemas pausais— e de timbre —rimas e instrumentacións fónicas—, así como o emprego do versolibrismo e outras pautas rítmicas).

Canto á sección “[B] Novela” foron dous os textos analizados por López-Casanova. Neste caso, e a diferenza do que acontecía coa poesía, os textos

estudados non foron unha parte dun volume, senón todo el, pois as obras examinadas son dúas novelas consideradas integramente: *Flor de santidad*, de Valle-Inclán, e mais *San Manuel Bueno, mártir*, de Unamuno.

Como acontecía coa sección lírica, tamén aquí o ollo experto do autor abordou o estudo destas narracións atendendo a dous vectores principais: a formulación da “historia” e a concreción do “discurso”. No primeiro caso, interesoulle profundar no paradigma escénico (dende o espacial, temporal e socio-antropolóxico); nos signos de protagonización (tanto o que ten que ver cos personaxes coma o referido á constelación dos seus atributos e á sintaxe actorial) e na acción (igual as funcións e motivos coma a cronoloxía e secuencialización narrativas).

Respecto da análise do discurso, a atención centrouse no narrador e as actitudes narrativas (os diferentes puntos de vista —externo ou interno e, dentro deste último, as diferenzas entre protagonista, secundario e testemuña— e a visión —omnisciente, equisciente ou deficiente—); a temporalización (igual no que atinxe á orde —lineal ou anacrónica— coma á duración —pausas, elipses, panoramas e escenas—); os modos discursivos (é dicir, os discursos do narrador, doutros personaxes e mesmo o discurso dual); o deseño e composición (as unidades de deseño —sexan estas partes, bloques, capítulos, fragmentos ou secuencias—, os esquemas compositivos —lineais, enmarcados, paralelos, simétricos ou especulares— e o deseño ou forma simbólica) e, finalmente, a tipoloxía dos relatos.

22

O volume péchase cunha ampla “Orientación bibliográfica” que se estende por espazo de case unha decena de páxinas e na que se distinguen as obras e estudos citados por unha banda, os textos metodolóxicos consultados por outra (diferenciados segundo estes sirvan para a análise poética ou narrativa) e, por remate, os dicionarios e retóricas de obrigada consulta.

A lectura demorada das preto de duascenas planas desta *Guía metodolóxica del texto literario* revela nidiamente o fondo dominio do profesor López-Casanova na utilización dos recursos e ferramentas analíticas que modelos teóricos como o Formalismo, o Estruturalismo, a Semiótica, as aproximacións tematolóxicas, simbólicas, mitolóxicas, filosóficas e mesmo sociolóxicas forneceron ao seu ensaio, ao que talvez puidesen térselle sumado algunhas referencias bibliográficas últimas que insistisen en certos enfoques, o que fica sobradamente compensado pola pertinencia das que se inclúen.

Conclúo recuperando unhas palabras que escribín sobre o traballo do profesor e poeta de Lugo cando este deu a coñecer *Lenguaje de la poesía y figuras gramaticales*. Foron escritas hai, exactamente, un cuarto de século e viron luz nestas mesmas páxinas do *Boletín Galego de Literatura*. Afirmei entón que era “xusto recoñecer que Arcadio López-Casanova pon de relevo mediante o seu libro, unha vez máis e outravolta maxistralmente, a importancia decisiva destes esquemas construtivos [da obra literaria]”. Vinte e cinco anos despois sigo a pensar o mesmo: ler os ensaios do autor é asistir a un exercicio de epifanía crítica que devela significados das obras poéticas e narrativas analizadas nunca antes albiscados. Por iso e por todo o que deixo exposto considero necesaria a consulta desta *Guía metodológica del texto literario*, modélico pron-tuario onde os haxa.

Armando Requeixo Cuba

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades/
Universidade de Santiago de Compostela